



## ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA COMISIÓN DELEGADA 2009 DO CONSELLO DE COMUNIDADES GALEGAS

LUGAR: CENTRO GALEGO DE MONTEVIDEO.

DATA: 06 de Decembro de 2009.

HORA DE COMEZO: 10:30 H.

### ASISTENTES:

Presidente

- D. Santiago Camba Bouzas, secretario xeral da Emigración

Vogais Natos:

- D. Manuel Ramos Pérez, Casa de Galicia de Montevideo.
- Julio Martínez Fernández, Centro Gallego de Bos Aires.

Vogais representantes da área xeográfica de España:

- D. Ernesto Lagarón Vidal, Agrupación Cultural Saudade.
- D. José David Fidalgo Fidalgo, Casa de Galicia en Bilbao.
- D. Juan José Fernández Teijeiro, Centro Gallego de Santander.



Vogais representantes da área xeográfica de Europa:

- D. José Calvo González, Centro Gallego de Marsella.
- D. Miguel Ángel Álvarez Portela, Centro Galego de Nürnberg, e. V.
- D. Xosé Cónstenla Suárez, Sociedade A Nosa Galiza de Xenebra.
- D. José Antonio Fernández Corral, Sociedad Cultural Recreativa O Lar Galego de Rotterdam.

Vogais representantes da área xeográfica de América – Oceanía:

- D. Antonio Piñón Martín, Hermandad Gallega de Venezuela en Caracas.
- D. Eduardo Alonso González, Centro Social, Cultural e Deportivo de Bolos de Valle Miñor



XUNTA DE GALICIA

PRESIDENCIA

Secretaría Xeral da Emigración

de Montevideo.

Basquiños, 2  
15704 Santiago de Compostela  
Teléfono 981 545 878. Fax 981 547 296  
<http://galiciaaberta.xunta.es>



XACOBEO 2010  
Galicia

- D. Santos Gastón Juan, Sociedad Hijos de Arantey y Centro Villamarín, Perojano Mutual, Cultural e Recreativa de Bos Aires.
- Antonio Otero Sobrino, Centro Recreativo União do Río Tea de Salvador Bahía.

Secretario:

- D. Argimiro Ríos Iglesias, xefe do servizo de Acción Social.

Vogais ausentes:

- D. José Ignacio Paz Bouza, Centro Gallego de Salamanca.

Asistentes invitados:

- D. Andrés Castro Bande, subdirector xeral de Centros e Comunidades Galegas.
- D. Ramón Brigos Fernández, subdirector xeral de Programas Sociais.

#### ORDE DO DÍA:

1. Constitución da Comisión.
2. Apertura da sesión a cargo do secretario xeral da Emigración.
3. Lectura e aprobación, se procede, da acta da anterior reunión da Comisión Delegada Celebrada en Lisboa.
4. Informe a cargo do secretario xeral da Emigración das actividades realizadas no ano 2009.
5. Informe a cargo do subdirector xeral de Centros e Comunidades Galegas, sobre aspectos diferenciadores para a convocatoria dos plans e programas de actuación que presenta a secretaría xeral da Emigración para o ano 2010.
6. Presentación do programa de actos do IX Pleno do Consello de Comunidades Galegas.
7. Estudo e aprobación dos relatorios do IX Pleno do Consello de Comunidades Galegas.





8. Conformidade ás normas de elección dos membros da Comisión Delegada para o período 2010 – 2012.

9. Recibir a información do borrador do Plan Integral da Emigración.

10. Recibir a información sobre a entrega das insignias do Consello de Comunidades Galegas.

11. Rolda de intervencións libres.

#### DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN:

O secretario xeral da Emigración procede a abrir a sesión e da a benvida a todos os asistentes. Informa que este Consello celébrase fóra de Galicia coa finalidade de que os seus integrantes coñezan a realidade das comunidades galegas asentadas na Galicia exterior. Transmite a idea de que tamén o X Consello de Comunidades Galegas se celebre tamén na Galicia exterior. Por outra banda avanza que o programa de axudas de 2009 estivo condicionado polas eleccións autonómicas, facéndose cargo da Secretaría Xeral da Emigración no mes de maio e as resolucións de axudas a entidades galegas foron convocadas no mes de xuño, o que provocou unha tramitación moi axustada ao final do ano. A este respecto declara que as convocatorias para o ano 2010 están neste intre remitidas na súa totalidade a Asesoría Xurídica para o seu informe, prevíndose que poidan estar publicadas neste mes de decembro ou como moi tarde en xaneiro de 2010.

A continuación cede a palabra ao secretario da comisión no relativo á aprobación da acta da anterior reunión da Comisión Delegada celebrada en Lisboa . O secretario indica que o contido da acta de Lisboa é de coñecemento da Comisión Delegada, dado que foi remitida por correo electrónico a todos os membros e así mesmo foi colgada da páxina web da Secretaría Xeral, obrando un exemplar no cartafol que teñen enriba da mesa.

Solicítase a aprobación da acta intervindo a este respecto os membros da Comisión Delegada que a continuación se indican,





. Ernesto Lagarón fai referencia a que a xuntanza de Lisboa foi de despedida. A acta non recolle as intervencións alí realizadas, a redacción ten un contido sesgado aparecendo só o que interesa. Malia iso accede a súa aprobación.

. José Calvo sinala que non se enterou da publicación da acta debido a problemas na secretaría do centro, lembrando que é necesario coñecer o contido da acta. Infórmaselle que ten un exemplar no seu cartafol.

. Julio Martínez solicita o recoñecemento a Ramiro Vieito indicando que xa foi pedido dúas veces con anterioridade. Aproveita esta ocasión para reiterar a petición .

. Santos Gastón indica que é necesario ver a acta do día antes de pechar cada comisión. Sinala que hai temas que se tratan, que non aparecen nas actas, e non se teñen en conta . Non se ven reflexos os debates tal como suceden, moitos acordos son votados pero como a acta aprobase ao ano, non se poñen en práctica.

. José Constenla, manifesta o seu desexo de que esta nova andaina da Comisión Delegada sexa más seria e rigorosa.

. O secretario xeral da Emigración intervén para indicar que hai que facer un esforzo para a aprobación da acta dado que non están presentes os redactores. Precisa que é necesario mirar cara adiante, cara o futuro.

. Santos Gastón intervén para indicar que as incorreccións na redacción das actas veñen de anos atrás e abranguen a varias comisións de diferentes periodos.

. Manuel Ramos, manifesta as posibles dificultades de confeccionar as actas para, de seguido subliñar as necesidades que teñen os galegos no exterior tanto os de idade avanzada como os que atinxen os máis novos ou aqueles propios da muller.

. Juan Jose F. Teijeiro Fernández, insiste de novo no recoñecemento a Ramiro Vieito.

Unha vez feitas as consideracións anteriores os presentes aproban por unanimidade a acta anterior da Comisión Delegada.

A continuación o secretario xeral da Emigración comeza o informe do punto cuarto da órde do día





sobre as actividades realizadas pola secretaría xeral no ano 2009. Xúntase como anexo este informe.

De seguido o secretario xeral da Emigración dá a palabra, seguindo o punto quinto da orde do día, ao subdirector xeral de Centros e Comunidades Galegas para expor os aspectos diferenciadores para a convocatoria dos plans e programas de actuación de axudas a Comunidades Galegas do exterior para o 2010. Achégase o dito informe como anexo desta acta.

O secretario xeral da Emigración procede, á presentación do programa de actos do IX Pleno do Consello de Comunidades Galegas.

A continuación o secretario xeral da Emigración, presenta os relatorios do IX Pleno do Consello de Comunidades Galegas, comezando neste momento intervencións dos membros da comisión,

. Santos Gastón sinala que os relatorios deberán ser debatidos anteriormente pola Comisión Delegada aspecto que debe ser tido en conta para o próximo Consello, xa que foi un acordo da reunión da Comisión Delegada celebrada en Lisboa en 2008.

. José Calvo, subliña que os programas de axudas chegaron ao seu centro en período de vacacións polo que tiveron dificultades engadidas. Solicita a devolución dos orixinais das facturas e outros documentos que presentaron xunto coas solicitudes dado que son necesarios para xustificar as súas actividades ante os organismos gobernamentais do seu país.

. Santos Gastón, manifesta que en Arxentina compúlsanse os documentos necesarios na Delegación da Xunta de Galicia en Bos Aires, engadindo que habería que facilitar este trámite ao resto de comunidades.

. O secretario xeral da Emigración sinala que as compulsas poden realizarse no exterior, nas delegacións da Xunta de Galicia e nos consulados. O secretario xeral informa que se devolverán as facturas orixinais naqueles lugares nos que no existan delegacións ou consulados, quedándose a secretaría xeral coas fotocopias compulsadas. Fai notar que a Intervención Delegada que fiscaliza os expedientes de gasto esixe que as xustificacións sexan documentos orixinais ou compulsados. A



simplificación dos procedementos que en si mesmo é un obxectivo, ten que supeditarse as esixencias da devandita intervención. Asemade afirma que as comunicáns por correo electrónico que sexan importantes, da secretaría xeral da Emigración dirixidas ás entidades galegas serán tamén remitidas por correo.

. Ernesto Lagarón, indica que no anterior período, un membro da secretaría xeral indicou que as facturas deben ser compulsadas ben por un organismo público ben por un funcionario.

. O secretario xeral declara que se terán en conta as características diferenciadoras de cada país no relativo á documentación necesaria nos diferentes programas así como que realizará as xestións necesarias con Intervención para facilitar no posible a tramitación.

. Eduardo Alonso, pide reformular o obxectivo da subvención, unha vez coñecida a contía concedida. Pon por exemplo unha reforma de 20.000€ para que se concede só 5.000€, cos que só é posible realizar unha parte da obra.

. Santos Gastón, especifica que as obras deben solicitarse por partes, de xeito que a subvención concedida se adapte á parte a realizar nese exercicio.

. O secretario xeral intervén para manifestar que é conveniente deixar estes debates para o último punto da orde do día, rolda de intervencións libres .

En aplicación do punto 8 da orde do día, o secretario xeral informa das normas de elección dos membros da Comisión Delegada para o período 2010-2012, normas que están nos cartafoles dos membros da Comisión Delegada, dando estes a súa conformidade.

O secretario xeral da Emigración presenta a Proposta do Plan Integral da Emigración. Incide en que se desenvolve en cinco areas diferenciadas e que está previsto que en un futuro próximo se poidan presentar as solicitudes por correo electrónico.

A continuación o secretario xeral informa sobre a entrega de insignias do Consello de Comunidades Galegas ás entidades que cumpren cen anos no próximo período entre consellos,





. Vivero y su comarca de La Habana.

. Sociedad Parroquial de Vedra de Buenos Aires.

. Asociación Civil Unión Residentes de Outes de Buenos Aires.

Centro Gallego de México.

Monterroso e Antas de Ulla de La Habana.

Asemade o secretario xeral informa sobre a entrega de insignias do Consello de Comunidades Galegas que foran responsables do departamento de emigración do Goberno galego,

D.José Luís González Sobral

D. Andrés de Souza Iglesias

D. Fernando Amarello de Castro

D. Aurelio Miras Portugal

D. Manuel Luís Rodríguez González



O secretario xeral da Emigración abre a rolda de intervencións libres,

. Manuel Ramos, lembra que na última reunión da Comisión Delegada propúxose que os centros que cumpliran cen anos pasaran a formar patrimonio da Galeguidade. O secretario xeral solicita que esta proposta se recolla en acta.

. Antonio Otero, manifesta que os emigrantes galegos na Bahia teñen idades moi avanzadas e pensións moi baixas. O Instituto nacional de Previsión non cubre as continxencias de necesidade e a sociedade non dispón de recursos suficientes para atendelos. Reclama atención e axuda a este colectivo.

. O secretario xeral da Emigración, informa que no período 2003-2004 o importe da pensión asistencial por ancianidade triplicaba ou cuadriplicaba o importe da pensión mínima ou do salario mínimo. Hai 176 pensionistas asistenciais nesa área que dispoñen ademais da cobertura sanitaria do Hospital Español. Ademais a secretaría xeral complementa estas accións coas convocatorias de



axudas. A dificultade reside en facer chegar a información necesaria sobre as axudas e prestacións a todos os lugares de Brasil dada a súa extensión. O problema é dispor dos canais adecuados da información. Os centros deben facer de caixas de resonancia.

. José Antonio Fernández, intervén solicitando programas de intercambio para mozos, adaptar as datas de realización dos obradoiros á problemática de tempos en cada país, reservar unha porcentaxe de postos de traballo na administración pública galega para emigrantes, adiantar a publicación das resolucións de axudas para poder realizar obras con máis tempo. Indica que os retornados quedan sen protección cando non se lle recoñece os tempos traballados en Galicia sen cotización.

. O secretario xeral da Emigración intervén para sinalar que este último tema é de competencia estatal e, de difícil solución se non hai cotizacións. O acceso a Función Pública ten, entre outros, o principio de igualdade de acceso independentemente do lugar de residencia, só habendo unha cota para discapacidades.

. Juan Jose F. Teijeiro Fernández, propón que hai limitar o tempo de intervención en cinco minutos por persoa, proposta que é aprobada.

. Julio Martínez, manifesta a súa ledicia pola recente solución de consecución da cobertura sanitaria aos galegos que van a Galicia. Indica que o tema do voto en urna está encamiñado. Incide en que coa iniciativa da secretaría xeral os centros galegos, especialmente en determinadas zonas periféricas de Bos Aires poderíanse fusionar , acción que é necesaria dado a idade avanzada das directivas de moitos dos centros galegos.

. Juan Jose F. Teijeiro, agradece á secretaría xeral que puidera coñecer Montevideo, un lugar con peso específico dentro do mundo da galeguidade. Sobre a Comisión Delegada apunta que non se cumpriron todas as expectativas. Especifica que é un órgano consultivo pero non executivo. En relacion aos membros da comision delegada, de acordo coas comunicacions presentadas cre que debe haber un período electoral previo de 2, 3 ou 4 meses para expoñer as ideas e que deberá haber limitacións de períodos de reelección para que os membros da Comisión Delegada non se perpetuen nos cargos na mesma. Felicita a secretaría xeral da Emigración polas accións en materia de asistencia sanitaria e social .





. Ernesto Lagarón manifesta ,sobre a integración de centros , como aspecto diferenciador, que en Cataluña as entidades dispoñen de pouco patrimonio e no caso de que algunha desapareza poden seguir funcionando cos seus bares. Sobre a xuventude nos centros indica que é un tema reiterativo, continuado no tempo, explica que hai que convocar actividades para os xóvenes. O grupo folclórico non pode ser obxecto único xa que isto pode provocar males maiores. Hai que explorar novas e variadas vías.

. Eduardo Alonso, declara que a Unión de Sociedades Gallegas representa a 12 asociacións de Montevideo e que a súa presenza nesta Comisión é en virtude dun acordo das 12 entidades. Solicita que a Sociedade Campo Lameiro, que desenvolve diversas actividades que menciona, se lle conceda a Galeguidade ou recoñecemento similar, o mesmo que á Unión, á Española e ao Fogar Español.

. Antonio Otero, manifesta que no Centro Recreativo Uniao do Rio Tea, tiña 5 mozos na xunta directiva aínda que na actualidade só hai 3, dado que todos os rapaces novos están decote ocupados coas súas problemáticas e afeccións. Solicita cotas nos programas de rapaces.

. Santos Gastón, apunta que en Arxentina están de vacacións no mes de xaneiro, posiblemente coincidindo co prazo de presentación de solicitudes aos programas de axudas ás entidades.

. O secretario xeral intervén para informar que o mes e medio de prazo de presentación de solicitudes debe ser suficiente.

. Santos Gastón continua a súa intervención solicitando que se publiquen as contías das axudas concedidas en Galicia na páxina web da Secretaría Xeral da Emigración e que os informes dos puntos 4 e 5 se engadan á acta. Así mesmo pide coñecer os orzamentos por cada resolución convocada no 2010 para así dispor unha ferramenta de previsión e de cálculo. Lembra o acordo de recoñecemento á labor de Ramiro Vieito e subliña que os acordos da Comisión Delegada se realizan para ser cumplidos, como por exemplo as medallas os delegados saíntes e a participación da Comisión Delegada na definición e redacción dos relatorios . Pide que as datas de Escolas Abertas se adecúen as realidades dos diferentes países. Sobre a Xuventude sinala que é un tema repetitivo e mal enfocado, engadindo que sería mellor denominalo Apertura mental de vellos dirixentes, para abrir campo de intervención. Esta mesma idea pode aplicarse ao tema da Muller.



Incide na necesidade de potenciar os intercambios xuvenís, casa a casa, entre a Galicia territorial e a Galicia exterior. Sobre a fusión de centros lembra que a súa entidade que preside está tres veces fusionada. A unión de centros está directamente relacionada coa potencialidade do traballo conxunto. Cree contradictorio que por unha banda se fale de fusión e unificación e polo outra se favoreza a creación de novas entidades que competirían coas existentes. Estas deben sumarse. No que respecta á Galeguidade sinala que as federacións ou únions de entidades deben ter unha consideración propia. No relativo ao voto en furna solicita que se teña en conta aos galegos do exterior nas mesas de debate, deben definirse as condicións coa participación de todos. Dá conta de que está parada a obra do xeriátrico de Boiro, solicitando a concesión de axudas que permitan rematala.

. O secretario xeral indica, no referente a intervención anterior que hai temas de difícil solución e más, en anos de dificultade orzamentaria como estes.

. Jose Calvo, informa que os socios da entidade que preside son compromisarios do seu patrimonio. O centro está formado por 50 familias e conta na súa directiva con xente nova como a secretaria con 18 anos e o responsable do grupo de gaitas con 20. Informa que a Sociedade debe ir a Galicia no Xacobeo próximo e se é posible con axudas da secretaría xeral. Así mesmo, indica que na festa anual no parque de Vitroilles, reúnen a 200 familias do sur de Francia. Recalca que non repetiu en ningunha lexislatura pero para esta ocasión foi elixido para vir a Comisión Delegada. Finalmente agradece as subvencións recibidas ao longo do tempo e incide na esperanza de transmitir o espírito da Galeguidade á xeración dos netos.

. José A. Fernández, pregunta polas actuacións que vai desenvolver a secretaría xeral para a participación no Xacobeo 2010. Informa que no seu centro douselle autonomía aos mozos e como resultado, entre outros creouse un equipo de fútbol e unha discoteca.

. Xosé Constenla, suxire unificar as axudas concedendo un aporte único, no canto de convocar 5 ou 6 programas, en tempos de crise como estas. Indica que poden xustificar facturas de 5.000€. Especifica que, aínda que non teñen local en propiedade, as facturas de aluguer son o suficientemente grandes. Menciona que cada compulsa de documentación no Consulado cástalles 6€.



. A este respecto o secretario xeral da Emigración afirma que fará xestións para que non se lle cobre cantidade ningunha aos centros galegos, fundamentándose en que son sociedades sen ánimo de lucro.

. Xosé Constenla continua solicitando a concesión de recoñecementos a persoas que desenvolveron una vida activa a prol da galeguidade . Comenta que debe haber unha información ou concienciación dirixida a sociedade galega para que comprenda a finalidade social das axudas a Emigración. Sobre o retorno solicita que existan puntos concretos de información, podería ser na propia secretaría xeral ou noutras lugares específicos. Remata solicitando un representante da Emigración no Parlamento de Galicia.

. José David Fidalgo, solicita que mediante mecanismo legal se convoquen reunións previas á xuntanza da Comisión Delegada, por áreas, ben no mesmo día pola mañá ou noutra data anterior.

. Antonio Piñón, comeza a súa intervención describindo o complicado panorama no que se está a desenvolver na realidade actual de Venezuela, informa que pecharon bancos como o banco canario con aforros de moitos emigrantes. Aínda que os emigrantes teñen un mínimo de 70 anos e polo tanto son de idade avanzada, non existen ancianatos. Non hai asistencia sanitaria real pública, hai que aboala. Conseguiron que as compulsas no Consulado foran de balde. Referente a saúde dos maiores, comenta a problemática do alzheimer ademais da dificultade que existe en Venezuela de operarse. Sobre a xuventude subliña que na Hermandad Gallega participan unha gran cantidade mozos en actividades como teatro, baile, deporte. Hai 46.000 socios e moitos deles da mocidade. Comunica que as persoas que viaxaron a Lisboa nun programa de xuventude están desintegrados da Hermandad Gallega, non sentindo a galeguidade. Incide que sería conveniente manter as axudas en medicinas que se fixeron en anteriores lexislaturas, dado que en Venezuela unha persoa de terceira idade ten que elixir entre medicarse ou comer, dado que as pensións mínimas son totalmente insuficientes.

. O secretario xeral intervén para informar que están a pechar un acordo para o ingreso de persoas maiores con ancianatos de Venezuela.

. Antonio Piñón continúa a súa intervención sinalando que recibiron unha chamada dun ancianato de Apure, no que residen 5 galegos, pedindo comida. Aclara que o estado suspendeu as axudas aos





ancianatos de relixiosas. Relata que lle deixaron abandonada na porta da Hermandad Gallega a unha anciá de máis de 70 anos. A Hermandad Gallega actuou conseguindo o acollemento da señora.

. O secretario xeral incide sobre a manifestación anterior de Antonio Piñon, engadindo que os congresos de xuventude que convoca o goberno central están politizados. Declara que, como principio fundamental, non consentirá politicización algúns en temas como os de Xuventude ou Muller.

. Miguel Alvarez, amosa a súa ledicia sobre a magnifica realidade de contar con unha ampla rede de centros galegos no mundo enteiro. Sobre a xuventude en Europa sinala que está totalmente integrada na sociedade. A continuación reflexa as actitudes que ten a xente da súa xeración cando se atopa con xente que non escoita ou que teima en condutas reiterativas. Indica que entre a xuventude o internet e o correo electrónico son formas extraordinarias para comunicarse, sempre coa condición imprescindible do coñecimento previo persoal e que na integración dos mozos nos centros, estes no invertiran toda a sua enerxía se atopan obstáculos a hora de afrontar responsabilidades.

. Manuel Ramos agradece a elección de Montevideo como sede deste Consello de Comunidades Galegas e deste lugar, o Centro Gallego, para esta reunión da Comisión Delegada. Informa que os estatutos de Casa de Galicia esixen a galeguidade dos directivos. Informa que teñen 60.000 socios dos que a metade son galegos e que prestan asistencia médica sanitaria. Manifesta que no 2010 figurará nos estatutos de Casa de Galicia a obriga de atender a todos os galegos do mundo que visitan Uruguai. Anuncia que mañá se producirá a inauguración do cuarto piso da policlínica e que o seu desexo é que Casa de Galicia sexa un referente na asistencia sanitaria no Uruguai.

. Julio Martínez, intervén para despedirse dos membros da Comisión Delegada dado que o seu mandato termina dentro de 8 meses, agradecendo as atencións recibidas.

. Finalmente intervén o secretario xeral da Emigración para agradecer o traballo realizado aos membros da Comisión Delegada. Manifesta a vontade de facer realidade no posible as conclusións e observacións desta Comisión Delegada, subliñando que é un deber e unha obriga avanzar no seu cumprimento. Sinala que a emigración debe ser un gasto social. O esforzo debe ser maior cando





maior sexa a necesidade e que se debe comprender que a secretaría xeral debe actuar preferentemente onde existan maiores carencias, como sucede en determinadas zonas de América. A prioridade é atender aos que o están pasando peor. Débese ser solidarios, tendo en conta as prioridades. Desculpa os defectos de funcionamento destes primeiros meses recalculo que se intentarán corrixir. Finalmente recalca que o seu despacho está aberto a todos.



Asinan a presente acta o presidente, os vogais e o secretario e proba de conformidade

**Presidente**

D. Santiago Camba Bouzas, secretario xeral da Emigración

Vogais:

D. Manuel Ramos Pérez, Casa de Galicia de Montevideo.

D. Julio Martínez Fernández, Centro Gallego de Buenos Aires.



D. Ernesto Lagarón Vidal, Agrupación Cultural Saudade.

D. José David Fidalgo Fidalgo, Casa de Galicia en Bilbao.

D. Juan José Fernández Teijeiro, Centro Gallego de Santander.

D. José Calvo González, Centro Gallego de Marsella.

D. Miguel Ángel Álvarez Portela, Centro Galego de Nürnberg, e. V.



D. Xosé Cónstenla Suárez, Sociedade A Nosa Galiza de Xenebra.

D. José Antonio Fernández Corral, Sociedad Cultural Recreativa O Lar Galego de Rotterdam.

D. Antonio Martín Piñón, Hermandad Gallega de Venezuela en Caracas.



D. D. Eduardo Alonso González, Centro Social, Cultural e Deportivo de Bolos de Valle Miñor de Montevideo.

D. Santos Gastón Juan, Sociedad Hijos de Arantey y Centro Villamarín, Perojano Mutual, Cultural e Recreativa de Buenos Aires.

D. Antonio Otero Sobrino, Centro Recreativo União do Río Tea de Salvador Bahía.

En Montevideo, sendo as 13.00 h. do día 6 de decembro de 2009, péchase a sesión.

**Secretario:**

D. Argimiro Ríos Iglesias, xefe do servizo de Acción Social